



Facultade de Ciencias da Educación
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**MESTRADO UNIVERSITARIO
EN
PSICOLOXÍA APLICADA**

**TRABALLO DE FIN DE MESTRADO
REGULAMENTO**

ÍNDICE

1. Definición	1
2. Competencias	1
3. Requisitos para a realización e a avaliación	2
4. Contidos e elaboración do Traballo	3
4.1. Temática	3
4.2. Asignación e cambios	3
4.3. Dirección	4
4.4. Tipos de Traballo.....	4
- Proxecto de investigación.....	4
- Traballo de investigación.....	4
5. Presentación e entrega do Traballo	4
6. Defensa e avaliación dos Traballos	6
6.1. Tribunal Avaliador	6
6.2. Convocatoria	6
6.3. Defensa e avaliación do Traballo	6
6.4. Cualificación	7
6.5. Actas	7
6.6. Revisión e reclamación das cualificacións.	7
ANEXOS	8
I. Proposta de traballo de fin de mestrado	9
II. Instrucións para a elaboración dun <i>proxecto</i> de investigación	10
III. Instrucións para a elaboración dun <i>traballo</i> de investigación.....	12
IV. Portada do Traballo de fin de mestrado... ..	13
V. Informe do/a director/a para o tribunal	14
VI. Inscripción e presentación da documentación para a defensa	15
VII. Acta individual da defensa e avaliación.....	16
VIII. Acta colectiva de cualificacións	17

REGULAMENTO DO TRABALLO DE FIN DE MESTRADO

1. Definición

O Traballo de Fin de Mestrado estará orientado a avaliar as competencias asociadas ao título. Tratarase dun traballo de afondamento nunha ou máis materias, que compendie a formación adquirida ao longo do mestrado. Consistirá na realización dun traballo individual tutelado cuxos contidos articularanse a partir dos seguintes aspectos:

- Formulación do problema de investigación
- Revisión bibliográfica
- Delimitación do tema de investigación: xustificación, obxectivos, hipóteses
- Planificación da investigación
- Recollida de datos
- Análise e discusión dos resultados
- Conclusións
- Redacción do informe de investigación
- Presentación oral da investigación

2. Competencias

O Traballo de Fin de Mestrado debería reflectir que se adquiriron as competencias propias do resto das materias aínda que, sen prexuízo disto, deberá garantir a adquisición das seguintes:

Competencias específicas:

- Ser capaz de elaborar un informe científico que implique definir un problema de investigación, as hipóteses e variables asociadas, así como definir o deseño, a mostra e o seu modo de selección, as ferramentas de recollida de datos e o seu consecuente análise e discusión.
- Coñecer os métodos e técnicas cuantitativos e cuasi-cuantitativos de recollida de información en psicoloxía aplicada.
- Ser capaz de analizar a documentación bibliográfica necesaria para un traballo de investigación.

- Ser capaz de analizar criticamente as publicacións científicas.
- Adquirir os coñecementos e destrezas necesarias para a exposición e defensa dun traballo de investigación.
- Ser capaz de comunicar os resultados dunha investigación.

Competencias xenéricas:

- Capacidade de análise e síntese.
- Capacidade de organización e planificación.
- Razoamento crítico.
- Compromiso ético.
- Aprendizaxe autónoma.
- Iniciativa e espírito emprendedor.
- Motivación pola calidade.
- Toma de decisións.
- Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica.
- Habilidade para traballar de forma autónoma.

Competencias específicas:

- Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
- Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
- Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse.
- Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

3. Requisitos para a realización e a avaliación

A realización do Traballo de Fin de Mestrado terá como requisito previo a aprobación pola Comisión Académica dunha proposta avalada por un docente do mestrado, que será o director/a do Traballo. A proposta presentarase a través de Moodle, no impreso normalizado correspondente (*Anexo I: Proposta de Traballo de Fin de Mestrado*, dispoñible en formato editable na web do

mestrado). Deberá levar a firma electrónica do/a director/a. A data límite de entrega será o último día do primeiro cuadrimestre.

Para a defensa pública do Traballo será requisito ter aprobadas todas as restantes materias do Mestrado (tal como se especifica na normativa da UDC).

4. Contidos e elaboración do Traballo

4.1. Temática

O Traballo de Fin de Mestrado deberá adscribirse ás liñas de investigación do mestrado. Antes do inicio de cada curso, a Comisión Académica da titulación dará o visto e prace ás propostas que faga o profesorado, e publicaraas na web da titulación.

4.2. Asignación e cambios

Unha vez finalizado o último período de matrícula abrírase un prazo para que o alumnado presente unha lista priorizada das temáticas da súa elección. A asignación de director/a e, no seu caso, de codirector/a e do título provisional do Traballo faraa a comisión académica dentro do mes seguinte á finalización do mencionado período. A orde de prelación do alumnado establecerase de acordo á puntuación obtida no proceso de admisión á titulación.

Transcorrido un mínimo de 60 días dende a asignación, o estudante que queira cambiar de tema e/ou de dirección académica, deberá solicitalo mediante escrito motivado dirixido á Coordinación do Mestrado. Unha modificación do título que non implique modificación da temática inicial poderá solicitarse ata un mes antes da data establecida para o depósito do Traballo. Un cambio de tema e/ou director/a deberá solicitarse, como mínimo, catro meses antes da data do depósito. Todas as peticións que non impliquen cambio de dirección deberán estar avaladas por ela. Nun prazo máximo de 15 días naturais a Comisión Académica resolverá sobre a procedencia do cambio e asignará, ou solicitará ao Departamento correspondente, un novo director e/ou tema, previo acordo das partes.

O/A docente que queira renunciar á súa dirección dun Traballo de Fin de Mestrado, deberá solicitalo mediante escrito motivado dirixido á Coordinación do Mestrado. A Comisión Académica resolverá sobre a procedencia da renuncia e asignará, ou solicitará ao Departamento correspondente, outro/a director/a e, se procede, un novo tema, nun prazo máximo de 15 días naturais, previo acordo das partes.

4.3. Dirección

Para dirixir ou codirixir Traballos de fin de mestrado será necesario posuír o título de doutor. Só poderá haber un/ha director/a máis unha codirector/a. O/a primeiro/a terá que ser, necesariamente, docente do Mestrado no momento da asignación.

As funcións serán:

- Asesorar no relativo á estrutura do Traballo, os métodos de investigación, as fontes documentais e a redacción.
- Establecer etapas e datas de entregas parciais do Traballo.
- Asesorar na presentación, exposición e defensa do Traballo.
- Dar o seu visto bo ao Traballo para a súa defensa pública.

4.4. Tipos de Traballo

O alumnado poderá elixir entre dous tipos de Traballos:

- ***Proxecto de investigación.***

O propósito desta modalidade é aportar información útil e aplicable ao desenvolvemento dun proxecto de investigación novidoso. A estrutura do Proxecto de Investigación e as directrices básicas para a súa elaboración están recollidas no *Anexo II: Instrucións para a elaboración dun Proxecto de Investigación* (dispoñibles na web do mestrado).

- ***Traballo de investigación.***

O propósito desta modalidade é comunicar os resultados derivados do proceso de investigación orixinal levado a cabo polo estudante. A estrutura do Traballo de Investigación e as directrices básicas para a súa elaboración están recollidas no *Anexo III: Instrucións para a elaboración dun Traballo de Investigación* (dispoñibles na web do mestrado).

5. Presentación e entrega do Traballo

O Traballo de Fin de Mestrado deberá presentarse de forma individual e baixo a dirección dun/ha director/a. Para redactalo nunha lingua distinta ás oficinas da comunidade autónoma galega requirirase a autorización expresa da Comisión Académica do Mestrado, previa solicitude formal do interesado.

A extensión mínima será de 5.000 palabras e a máxima de 10.000. Presentarase en papel tamaño DIN A-4, cun estilo e tamaño da letra uniforme en todo o texto. As marxes serán de 3 cm, excepto á esquerda que será de 4

cm. Na cabeceira de cada páxina irá a numeración, á dereita, e o título do Traballo á esquerda. Se o título completo non cabe nunha liña, abreviarase. A primeira páxina será a da Portada, que se elaborará de acordo co formato normalizado que aparece no *Anexo IV: Portada do Traballo de Fin de Mestrado* (dispoñible en formato editable na web do mestrado). Na segunda páxina incluírase o índice do Traballo. Para todo o resto do formato (parágrafos, títulos, táboas, figuras, citas, referencias, etc.) seguirase o máis estritamente posible o estilo da APA (<http://www.apastyle.org/>).

Unha vez rematado o Traballo, subirase a Moodle una copia en pdf asinada electronicamente polo/a director/a e entregaranse catro copias encadernadas na Secretaría do centro, a través do Rexistro da Facultade. Na portada terá que constar, necesariamente, a sinatura do/a docente responsable da dirección dando o seu prace ao Traballo. En sobre pechado acompañarase o informe do/a director/a, feito segundo o impreso normalizado do *Anexo V: Informe do/a director/a para o Tribunal* (dispoñible en formato editable na web do mestrado). Ademais achegarase copia do resgardo da solicitude de defensa feita na secretaría virtual, copia da pantalla de Moodle na que se vexa que se completou a tarefa de subir o Traballo en pdf, e copia do expediente académico obtido na Secretaría Virtual onde conste que están aprobadas todas as demais materias da titulación. A entrega da documentación acompañarase do impreso normalizado do *Anexo VI: Inscripción e presentación da documentación para a defensa do TFM*, tamén dispoñible na web do título.

A data límite para entregar o Traballo dependerá da convocatoria á que se concorra. Fixaraa a Comisión Académica, de acordo cos prazos de defensa e peche de actas que estableza a UDC, cando marque as demais datas do calendario académico de cada curso e faraa pública xunto con el.

Unha vez finalizado o proceso de defensa e avaliación do Traballo e pechadas as actas de cualificacións, e sempre e cando a avaliación teña sido positiva, poderase incorporar ao Repositorio Institucional da UDC a copia dixital do TFM, quedando rexistrada coma unha publicación en formato electrónico, e salvagardándose os dereitos de propiedade intelectual do/a estudante e do/a director/a.

6. Defensa e avaliación dos Traballos

6.1. Tribunal Avaliador

A defensa do Traballo de Fin de Mestrado farase nun acto público diante dun Tribunal Avaliador, que estará formado por 3 membros: Presidente/a, Secretario/a e vogal.

O Tribunal será designado pola Comisión Académica do mestrado, que seleccionará entre o profesorado doutor do Mestrado, preferiblemente que non dirixa ningún Traballo, aos tres membros titulares máis tres membros suplentes. Este tribunal nomearase para todo un curso académico, podendo alternarse os membros titulares e suplentes nas distintas convocatorias.

6.2. Convocatoria

O Tribunal Avaliador fixará as datas para os actos de defensa pública do Traballo, dentro dos prazos previstos no calendario académico da titulación. O/A Presidente/a, a través da Coordinación do Mestrado, fará pública a convocatoria cunha antelación mínima de cinco días naturais, indicando lugar, día e hora de comezo, así como calquera outra información que se estime conveniente.

6.3. Defensa e avaliación do Traballo

Para a defensa pública do Traballo será requisito ter aprobadas todas as restantes materias do Mestrado. A defensa será realizada polo estudante en sesión pública e consistirá na exposición oral do Traballo durante un tempo máximo de 15 minutos, no que se dará conta dos aspectos máis relevantes da actividade realizada. Poderá empregar os medios de apoio, audiovisuais e doutro tipo, que estime pertinentes.

Para realizar a exposición oral nunha lingua distinta das oficiais na comunidade autónoma galega será preceptiva a autorización previa por parte da Comisión Académica do Mestrado, que se pronunciará a petición do interesado.

Tras a exposición, os membros do tribunal poderán formular as preguntas ou solicitar as aclaracións que consideren oportunas para poder xulgar a calidade do Traballo. O estudante deberá responder ás cuestións formuladas. Previamente, o/a Presidente/a poderá establecer un tempo máximo para as intervencións tanto do Tribunal como do estudante.

Finalizada a defensa de todos os Traballos que se presenten á convocatoria, o Tribunal deliberará e procederá a dar a cualificación correspondente, que se trasladará á *Acta Individual da Defensa e Avaliación (Anexo VII, dispoñible na web do título)*.

6.4. Cualificación

O sistema de cualificación rexerese polo Real decreto 1125/2003, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio estatal: 0,0 - 4,9: Suspenso (SS); 5,0 - 6,9: Aprobado (AP); 7,0 - 8,9: Notable (NT); 9,0 - 10: Sobresaliente (SB).

No caso de declararse o Traballo como non apto (cualificación numérica inferior a 5), o Tribunal Avaliador fará chegar ao/á estudante e ao/á director/a as recomendacións que considere oportunas. Se ocorre na primeira oportunidade na que se fixo a solicitude de defensa, o estudante terá unha segunda oportunidade para presentar o Traballo debidamente modificado, de cara á súa nova avaliación. Se xa o presentou dúas veces, terá que comezar o procedemento dende o principio (incluíndo elección de temática e presentación de proxecto).

En casos xustificados o Tribunal poderá solicitar á Comisión Académica, mediante escrito razoado, a retirada do Traballo.

O Tribunal cumprimentará e asinará a correspondente *Acta Colectiva de Cualificación (Anexo VIII)*, dispoñible na web do título), que se fará pública antes de que transcorran 24 horas desde a finalización do acto.

6.5. Actas

O/A Secretario/a do Tribunal Avaliador trasladará á Coordinación do Mestrado as *Actas Individuais de Defensa e Avaliación (Anexo VII)* e a *Acta Colectiva de Cualificacións (Anexo VIII)*, debidamente cumprimentadas. Cada cualificación será introducida na acta electrónica da aplicación informática da UDC, tal e como esta determine.

6.6. Revisión e reclamación das cualificacións.

O alumnado terá dereito á revisión do resultado da avaliación, seguindo as *Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario* vixente na UDC. Tamén poderán exercer o seu dereito á reclamación, de acordo cos prazos e motivacións recollidos nesa normativa.

ANEXOS

*Anexo I: Proposta do Traballo de fin de mestrado***PROPOSTA DE TRABALLO DE FIN DE MESTRADO****Curso académico** _____

DATOS DO/A ESTUDANTE:			
Apelidos		Nome	
NIF/NIE/Pasaporte		Teléfono	
Enderezo electrónico			
Enderezo postal			
MESTRADO			
ESPECIALIDADE			
TÍTULO DO TRABALLO:			
Galego			
Castelán			
Inglés			
Proxecto			
(ANEXAR DOCUMENTO)			
Suxírese que conteña os seguintes elementos:			
<ol style="list-style-type: none"> 1. Resumo, nunhas mil palabras, do contido do proxecto (antecedentes, obxectivos da investigación, metodoloxía a empregar e plano de traballo). 2. Esquema do sumario ou índice xeral (posible estrutura en capítulos e principais epígrafes do Traballo que se vaia realizar). 3. Selección bibliográfica coas principais publicacións que se van utilizar. 			

O/A**DIRECTOR/A,****profesor/a**_____,
acepta a dirección deste Traballo de Fin de Mestrado.

Data e sinatura:

Data de aprobación da proposta pola Comisión Académica do Mestrado:
_____.O/A coordinador/a do mestrado (selo e sinatura):

*Anexo II: Instrucións para a elaboración dun proxecto de investigación***Instrucións para a elaboración dun proxecto de investigación**

Terá a estrutura e características dos proxectos de investigación que se presentan ás convocatorias públicas competitivas, debendo incluír os seguintes apartados:

APARTADO	DESCRICIÓN	EXTENSIÓN*
Título	Debe resumir a idea principal do traballo dun xeito simple, expoñendo de forma concisa o tema principal e permitindo identificar as variables ou as cuestións teóricas obxecto de investigación, así como a relación entre elas.	20 palabras, máximo
Resumen	Debe ser un breve pero completo sumario do que será a investigación. Incluirá, de forma non-avaliativa, información relativa a: Problema de investigación, Obxectivos, Participantes, Método, Aplicacións ou implicacións dos resultados que se obteñan.	Entre 100 (mínimo) e 250 (máximo) palabras
Antecedentes e estado actual do tema	A finalidade desta sección é: <ul style="list-style-type: none"> • Introducir o problema específico obxecto da investigación • Describir os antecedentes e o estado actual do tema (incluíndo as referencias bibliográficas máis relevantes) • Indicar o propósito e razón de ser da investigación 	500 – 1000 palabras
Referencias bibliográficas	Confeccionaranse segundo as directrices da APA. Os erros neste apartado serán considerados graves.	1 páxina
Hipótese	Formular de modo claro e preciso o suposto que se pretende estudar.	100 – 200 palabras
Obxectivos	Indicar cal é a finalidade do proxecto e as súas metas concretas. Especificar os obxectivos xerais e específicos.	100 – 200 palabras
Método	Deberá describir en detalle como se fará a investigación, de forma que permita avaliar a adecuación dos métodos a empregar e a fiabilidade e validez dos resultados a obter. Incluirá a descrición de: <ul style="list-style-type: none"> • Participantes (selección e asignación, e características) • Materiais ou aparatos • Procedemento (resumir cada paso da execución da investigación, incluíndo instrucións, formación de grupos, manipulacións experimentais, ...) • Métodos de análise dos datos 	700 – 1000 palabras
Plan de traballo	Establecer graficamente o desenvolvemento do traballo previsto, indicando escalas de tempos e reparto de tarefas mediante un cronograma.	600-800 palabras
Plan de difusión dos resultados	Indicar os congresos e revistas científicas (indicando o seu factor de impacto) nos que se darán a coñecer os resultados da investigación.	Mínimo: - 5 congresos - 5 revistas

(continúa na seguinte páxina)

* Se non se indican mínimos e/ou máximos, a extensión mencionada é só orientativa.

Recursos necesarios	Neste apartado, incluírase: <ul style="list-style-type: none"> • Infraestrutura necesaria (tipo de espazo ou centro) • Recursos humanos necesarios • Material funxible e inventariable necesario • Financiamento necesario (desglosado por apartados). 	1 páxina
Fontes de financiamento	Indicar as posibles fontes de financiamento públicas (convocatorias autonómicas, estatais, europeas, ...) e/ou privadas.	100-200 palabras
Aspectos éticos	Describir cómo se cumprirán os requisitos éticos relacionados co ámbito do proxecto (consentimento informado, etc.).	1 páxina
Custo económico	Indicar o custo de cada item e o custo final: <ul style="list-style-type: none"> • Gasto de persoal • Bens e servizos: <ul style="list-style-type: none"> - Material inventariable - Material funxible - Contratacións de servizos (especificar) - Outros gastos (especificar) • Viaxes e dietas (participación en congresos; outros) 	1 páxina

Anexo III: Instrucións para a elaboración dun traballo de investigación

Instrucións para a elaboración dun *traballo* de investigación

Terá a estrutura e características dun artigo científico orixinal. Cunha extensión mínima de 5.000 palabras e máxima de 10.000 (incluíndo títulos, táboas e figuras), deberá conter os seguintes apartados¹:

APARTADO	DESCRICIÓN	EXTENSIÓN²
Título	Debe resumir a idea principal do traballo dun xeito simple, expoñendo de forma concisa o tema principal e permitindo identificar as variables ou as cuestións teóricas obxecto de investigación, así como a relación entre elas.	20 palabras, máximo
Resumen	Debe ser un breve pero completo sumario dos contidos do artigo. Incluirá, de forma non-avaliativa, información relativa a: Problema de investigación, Participantes, Método, Resultados, Conclusións e implicacións ou aplicacións.	Entre 100 (mínimo) e 250 (máximo) palabras
Introdución	A finalidade desta sección é: <ul style="list-style-type: none"> • Introducir o problema específico obxecto da investigación • Describir os antecedentes e o estado actual do tema (incluíndo as referencias bibliográficas máis relevantes) • Indicar o propósito e razón de ser da investigación 	500 – 1000 palabras
Método	Deberá describir en detalle como se fixo a investigación, de forma que permita avaliar a adecuación dos métodos empregados e a fiabilidade e validez dos resultados, así como replicar o estudo. Incluirá a descrición de: <ul style="list-style-type: none"> • Participantes (selección e asignación, e características) • Materiais ou aparatos • Procedemento (resumir cada paso da execución da investigación, incluíndo instrucións, formación de grupos, manipulacións experimentais, ...) • Métodos de análise dos datos 	700 – 1000 palabras
Resultados	Aquí resúmense os datos recollidos e o seu tratamento estatístico. Haberá que ter especialmente en conta a presentación dos estatísticos. A información contida nesta sección debe ser suficiente como para corroborar as análises levados a cabo. Poderán incluírse táboas e figuras.	800 – 1200 palabras
Discusión e conclusións	Trátase de avaliar as implicacións dos resultados, especialmente con respecto á hipótese. Aquí débense examinar, interpretar e valorar os resultados, e extraer inferencias e conclusións a partir deles. Hai que recalcar as consecuencias teóricas e a validez das conclusións. Rematar o apartado cun comentario razoado e xustificado sobre a importancia dos achados. Incluir achegas orixinais do/a autor/a.	600 – 800 palabras
Referencias bibliográficas	Confeccionaranse segundo as directrices da APA. Os erros neste apartado serán considerados graves.	15 – 25 referencias
Apéndices	Incluiranse só se poden axudar a entender, avaliar ou replicar o estudo. Teñen que estar mencionados no texto.	

¹ Para a elaboración de todos os apartados débense seguir, da forma máis estrita posible, as directrices da APA.

² Se non se indican mínimos e/ou máximos, a extensión mencionada é só orientativa.

Anexo IV: Portada do Traballo de fin de Mestrado

**MESTRADO EN ...
ESPECIALIDADE ...**

CURSO ACADÉMICO ...

TRABALLO DE FIN DE MESTRADO

Título do traballo

[incluir tamén, máis pequeno, o título en castelán e inglés]

Nome e apelidos do autor

Data de presentación do traballo

Vº Bº e praxe do/a director/a

(data e sinatura)

**FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN
UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

Anexo V: Informe do/a director para o tribunal avaliador

INFORME DO/A DIRECTOR/A PARA O TRIBUNAL***Curso académico** _____

DATOS DO/A ESTUDANTE:			
Apelidos		Nome	
NIF/NIE/Pasaporte		Teléfono	
Enderezo electrónico			
Enderezo postal			

MESTRADO	
ESPECIALIDADE	
Título do Traballo	

O/A Director/a:					
Informa					
de que, ao seu xuízo, o mencionado Traballo de Fin de Mestrado merece as seguintes valoracións:					
	Excelente	Moi Bo	Bo	Regular	Deficiente
Orixinalidade					
Metodoloxía					
Resultados					
Adecuación ao Mestrado					

Observacións e comentarios (se procede):
<input type="checkbox"/> De ser o caso, achego unha folla complementaria

Considero que este traballo reúne os requisitos necesarios para a súa defensa pública
SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>

Data e sinatura

* Achegar este impreso, en sobre pechado, xunto co exemplar do traballo que se deposite na secretaría do centro de cara á súa defensa pública.

*Anexo VI: Inscripción e presentación da documentación para a defensa do TFM***INSCRIPCIÓN E PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PARA A DEFENSA
TRABALLO DE FIN DE MESTRADO****PARA CUBRIR POLO/A ESTUDANTE**

Apelidos e nome:

DNI: Teléfono:

Enderezo electrónico:

Titulación: Mestrado en

TÍTULO DO TFM (*):

.....
.....

(*) Debe coincidir exactamente co título aprobado pola Comisión Académica (o que apareza na proposta ou o dun cambio solicitado e aprobado de acordo co Regulamento do TFM).

DIRIXIDO POR:

.....
.....

FAI ENTREGA da seguinte documentación:

(Para máis información ver o apartado de Procedemento, dentro de TFM, na web do Mestrado)

1. Copia do resgardo da solicitude de defensa do TFM
2. Catro exemplares impresos
3. Constancia da entrega dun exemplar en formato dixital (PDF) do TFM a través de Moodle
4. Informe do/a director do TFM para o tribunal (en sobre pechado)
5. Copia do expediente académico

A Coruña, de de

Asdo.(o/a estudante):.....

Documento para rexistrar e entregar na Secretaría da Facultade

Anexo VII: Acta individual da defensa e avaliación

ACTA INDIVIDUAL DA DEFENSA E AVALIACIÓN TRABALLO DE FIN DE MESTRADO

Curso académico _____

O Tribunal constitúese ás <input type="text"/> horas, do día <input type="text"/>	
cos seguintes membros:	
Presidente/a	<input type="text"/>
Secretario/a	<input type="text"/>
Vogal	<input type="text"/>

TRABALLO A AVALIAR:	
MESTRADO	<input type="text"/>
ESPECIALIDADE	<input type="text"/>
Título do Traballo	<input type="text"/>
Nome do estudante	<input type="text"/>
Día e hora de inicio	<input type="text"/>
Día e hora de finalización	<input type="text"/>
Idioma no que se entregou o Traballo	<input type="text"/>
Idioma no que se defendeu o Traballo	<input type="text"/>

Avaliación do traballo					
	Excelente	Moi Bo	Bo	Regular	Deficiente
Orixinalidade	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Metodoloxía	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Resultados	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Adecuación ao Mestrado	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Exposición e defensa	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

O Tribunal outorga a seguinte calificación numérica	<input type="text"/>
--	----------------------

A Coruña, a ____ de _____ de 20__

Presidente/a

Secretario/a

Vogal
